



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTIÓN CULTURAL PARA A REALIZACIÓN DE VARIAS ACCIÓNS FORMATIVAS TELEMÁTICAS, QUE INCIDAN NO COÑECEMENTO E UTILIZACIÓN DE FERRAMENTAS E RECURSOS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO TECIDO CULTURAL GALEGO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural para a realización de varias accións formativas telemáticas, que incidan no coñecemento e utilización de ferramentas e recursos para a transformación dixital do tecido cultural galego.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade, por canto se trata dunha actividade única e especial por todo o que representa a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, entidade representativa do sector profesional da xestión cultural tanto pública como privada que conta*





*coa capacidade técnica suficiente para a execución de Plan de Formación para a Transformación Dixital na Xestión Cultural 2020.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

